



## XII CONCURSO DE FOTOGRAFÍA “TOURO EN IMAXES”

### Bases

#### 1.- FINALIDADE

Convócase a XII Edición do Concurso Fotográfico “Touro en Imaxes”. Con este Certame o Concello de Touro quere contribuír á creación artística, a fomentar a divulgación da fotografía e a promocionar os recursos naturais e histórico-culturais do Municipio.

#### 2.- NÚMERO DE OBRAS, CATEGORÍAS E TEMAS

Poderán optar ao Concurso todas as persoas físicas que o soliciten e cumpran co establecido nas bases. Cada autor ou autora poderá presentar un número máximo de catro obras. As fotografías realizaranse en branco e negro ou cor.

Establécense dúas categorías de participación, sendo estas:

- Categoría Adultos: Maiores de 18 anos.
- Categoría Xuvenil: Entre 12 e 18 anos (xustificado co DNI).

O tema das obras a presentar pode ser calquera relacionado co establecido nas seguintes modalidades:

- Premio especial TOURO
  - Natureza. Paisaxe (suficientemente identificable de Touro).
  - Patrimonio histórico-cultural (suficientemente identificable de Touro).
- Tema Libre.

Os traballos fotográficos que se presenten deberán ser orixinais, recentes e inéditos. Non se admitirán imaxes de montaxes, nin manipulacións que non sexan exclusivamente tratamentos da cor ou axustes referentes á calidade ou procesado da imaxe.

As fotografías non poderán ter sido presentadas con anterioridade a este concurso, nin ter gañado ningún premio noutros concursos ou certames.

No caso de que se presenten ao concurso fotografías que reflectan imaxes que identifiquen ou sexan susceptibles de identificar a persoas físicas, o participante que as presente deberá enviar un documento escrito asinado polo mesmo, en virtude do que se compromete e obriga a obter o previo e expreso consentimento das persoas das cales as súas imaxes se reflecten nestas fotografías.

#### 3.- FORMATO

As fotografías poderán presentarse en cor ou en branco e negro (admitindo virados) e deberán estar impresas en papel fotográfico, cunha mancha fotográfica de 30 x 40 cm. de tamaño máximo e un mínimo

de 20 x 30 cm., sempre pegadas nun cartón pluma de 30 x 40 cm. de 5 mm. de grosor. Cada fotografía deberá ir acompañada do soporte informático en formato JPEG ou TIFF en 300 dpi.

#### 4.- PREMIOS

A dotación total do premio é de 1200 €.

Establécense os seguintes premios:

Categoría Adultos:

- Natureza. O premio será de 300 €
- Patrimonio histórico-cultural. O premio será de 300 €
- Tema Libre. O premio será de 300 €

Categoría xuvenil:

- Natureza. O premio será unha cámara de acción deportiva.
- Patrimonio histórico-cultural. O premio será unha cámara de acción deportiva.

Só será premiada unha obra por autor.

#### 5.- FORMA DE PRESENTACIÓN

As obras presentadas ao concurso deberán gardar o anonimato do seu autor ou autora, e presentaranse sen sinatura e baixo un lema ou alcume identificativo.

Pola parte traseira do soporte da fotografía, figurará o alcume do/a autor/a e o título da obra. Os traballos presentaranse nun sobre pechado co lema, tema e categoría ben especificados por fóra.

No seu interior, xunto coas imaxes, incluírase o arquivo dixital de cada unha delas e noutro sobre pechado presentarase a solicitude de participación na que se indicarán o nome e apelidos do/a autor/a, enderezo completo, teléfono e correo electrónico. Fotocopia do DNI do autor/a. Así mesmo, declaración asinada para aceptar as bases do concurso. Quedarán rexeitados aqueles traballos que leven á vista o nome do/a autor/a.

#### 6.- LUGAR E PROCEDEMENTO DE ENTREGA

Os traballos poderán presentarse no rexistro xeral do Concello de Touro ou por correo certificado en sobre pechado no que debe incluírse toda a documentación citada na base anterior. No caso de envío por correo certificado, terase en conta a data da certificación.

En calquera caso débese indicar por fora:

XII CONCURSO DE FOTOGRAFÍA "TOURO EN IMAXES"

CONCELLO DE TOURO

Rúa Isabel II, 26

FONTE DÍAZ

15822 TOURO. A CORUÑA



#### 7.- PRAZO DE PRESENTACIÓN

O prazo de presentación dos traballos comezará o 17 de xullo e rematará o 3 de novembro de 2017.

#### 8.- XURADO

O xurado estará formado por un grupo de cinco persoas: o alcalde, ou a persoa na que delegue, o concelleiro de cultura e tres persoas vinculadas ao eido da fotografía e da imaxe.

O secretario será don José Antonio Gómez Pedreira, con voz pero sen voto. Ao xurado correspóndelle deliberar, estimar e valorar os traballos presentados. A súa decisión será inapelable e adoptarase por maioría simple de entre os seus membros. Poderase declarar deserto algún premio.

#### 9.- EXPOSICIÓN

O Concello de Touro levará a cabo unha exposición con todas as obras premiadas e as fotografías presentadas a Concurso. Todos os traballos presentados pasarán a formar parte dun arquivo creado para uso municipal, e poderán ser expostos e reproducidos co obxectivo expresado no apartado primeiro, citando sempre o nome do/a autor/a.

O público asistente á exposición tamén poderá emitir o seu parecer ao respecto a través dunha votación popular, no propio espazo expositivo ou a través das redes sociais. A fotografía que reciba o maior número de votos, nos dez primeiros días, será reproducida na portada do calendario anual do concello ou no Anuario.

#### 10.- RESOLUCIÓN

A decisión do xurado farase pública dentro dos tres meses seguintes ao remate do prazo de entrega das obras. Os/as autores/as premiados/as comprométense a estar presentes no acto de entrega de premios que se comunicará cunha antelación mínima de 10 días.

En Touro, a 13 de xullo de 2017

Asdo: O Alcalde

